**SEGUNDO**. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.
Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: www.concellodelaxe.com.

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto."

**4. APROBACIÓN DA RETRIBUCIÓN DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE AUGA, VIAQUA, SAU PARA 2024. Expte. núm. 2023/X998/000220.**
Dase lectura da seguinte proposta:

*"Asunto: Solicitude de retribución para 2024 do servizo municipal de augas formulada por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia.*
*Expte. Núm. 2023/X998/000220*

***ANTECEDENTES.***
***PRIMEIRO**. O Pleno do concello de Laxe adxudicou, en data 28 de xuño de 2001, a concesión administrativa do servizo municipal de augas á empresa (segundo a denominación actual) VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U..*
*A duración inicial de dito contrato expirou en data 30 de setembro de 2016, acordándose a prórroga prevista no contrato de un ano, con vixencia ata o día 30 de setembro de 2017.*
*Ao remate de dita prórroga, o concello de Laxe acordou, previa comunicación e aceptación da empresa, a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. nas mesmas condicións de execución e prezo estipuladas no contrato vixente, polo tempo necesario para e adxudicación do novo contrato.*
*Este procedemento está pendente da licitación, polo que se mantén en vigor a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U.*
***SEGUNDO.** Resolución de Alcaldía nº 340/2020 de 01.07.2020, na que acórdase estimar a solicitude de Viaqua da nova retribución paro o ano 2020 en 0,483938 m3 facturado.*
***TERCEIRO.**- Acordo plenario de 28.10.2021, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2021 en 0,556480€m3 facturado.*
***CUARTO.**- Acordo plenario de 25.10.2022, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2022 en 0,603054€m3 facturado.*
***QUINTO.-** Acordo plenario de 30.11.2023, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2023 en 0,72821€m3 facturado.*
***SEXTO.**-Solicitude presentada pola concesionaria VIAQUA SAU de data 27 de setembro de 2023 polo que interesa un incremento da retribución para o ano 2024 para recuperar o equilibrio económico do servizo.*
***CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**.*
***PRIMEIRA. A Lexislación aplicable é a seguinte:***
*- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
*- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*
*- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que aproba o Regulamento Xeral da Lei de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Contratos das Administracións Públicas (no que estea vixente logo da entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).*

***SEGUNDA**. O apartado 2 da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (e diante LCSP), establece respecto dos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei:*

*«2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.»*

*Polo tanto, o réxime xurídico de aplicación deste contrato é o contido no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).*

***TERCEIRA**. O réxime xurídico aplicable á revisión de prezos no TRLCAP está regulado nos artigos 103 a 108.*

*Estas disposicións contemplan o mecanismo de revisión de prezos en función de considerar como circunstancia previsible a variación dos prezos polo mero transcurso do tempo, e establecendo unha fórmula automática de aplicación en base a índices oficiais sobre a evolución xeral dos prezos e remitindo, para a súa concreción, á fórmula ou sistema de revisión de prezos fixado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)*

*Atendendo aos propios Pregos de cláusulas administrativas que rexeron a licitación, ha de considerarse que neste caso é de aplicación o sistema de modificación das retribucións ordinarias en base á actualización do IPC, sempre que se verifique o cumprimento dos demais requisitos establecidos no PCAP.*

*Analizada a solicitude e considerando a natureza xurídica da relación entre o Concello e a concesionaria, as contraprestacións a percibir por VIAQUA SAU así como a determinación dos conceptos que compoñen o importe da contraprestación recibida por o concesionario, e considerando que resulta de interese para o Concello de Laxe que os custes de asunción da enerxía eléctrica da ETAP sigan sendo asumidos pola concesionaria,*

*Considerando o disposto pola Xunta consultiva de contratación administrativa do Estado no informe de 9 de maio de 2019, núm. 31/17, así como a sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, na sentencia nº119/2017 de 2 de xuño, que anuda o dereito do contratista ao resarcimento co principio da interdicción do enriquecemento inxudto da parte que coa súa actuación provoca a obriga do contratista de executar fora do contrato,*

*Esta Alcaldía, no uso das atribucións establecidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*

***PRIMEIRO.-** Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2024, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento, e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Laxe, de 0,834849 €/m3, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP.*

***SEGUNDO.-** Notificarlle a presente resolución ao interesado, indicando que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano, tendo carácter preceptivo e previo ao recurso contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.*

*O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a data en que se produza o acto presunto, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***TERCEIRO.-*** *Darlle traslado da presente resolución á Tesourería municipal.*

Intervén Don Fernando del Moral Regaldíe integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifesta a súa disconformidade coa aprobación posto que entende que hai que sacalo a licitación.
O concelleiro do BNG, Don Xosé Manuel Pose Lema manifesta que hai que licitalo, e que como está recollido no contrato con Viaqua é polo que o seu voto vai ser favorable.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE no está dacordo co incremento pero manifестase dacordocoa aprobación da proposta posto que o traballo está feito.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]
**VOTOS EN CONTRA:** 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)
**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2024, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento e á rede xeral de saneamento, e pola prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Laxe, de 0,834849 €/m3, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP.

**SEGUNDO.-** Notificarlle a presente resolución ao interesado, indicando que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano, tendo carácter preceptivo e previo ao recurso contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.
O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a data en que se produza o acto presunto, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

**TERCEIRO.-** Darlle traslado da presente resolución á Tesourería municipal.

## 5. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS:

### 5.1. Moción de PSdeG-PSOE en contra da suba do canon de Sogama e da supresión das bonificacións aos concellos.Expte. núm. 2024/G006/000018.

Dase lectura da seguinte moción por parte do concelleiro do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE, don Francisco José Vidal Castro:

***"MOCION EN CONTRA DA SUBA DO CANON DE SOGAMA E DA SUPRESION DAS BONIFICACIONS A OS CONCELLOS***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.*

*Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.*

*Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.*

*Hai uns días SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do cánon para os meses que quedan de 2024 quedando a cantidade a abonar en 66,01 €/t para todos os concellos e unha suba para 2025 de 78 €/t de media.*

*Para compensar esta suba anuncia que disporá do fondo de cooperación local, o que reducirá en 12 € esta suba quedando, finalmente, en 66,01 € a cantidade a abonar tamén en 2025.*

*O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/2022, de 8 de Abril de Residuos y suelos contaminados, que provoca uns sobrecustos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.*

*A realidade é que esta lei ven regular un imposto que **impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos y que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).** Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.*

*Pero a pesar desta carga impositiva, nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.*

*A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.*

*Dende o grupo municipal socialista denunciamos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.*

*E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do cánon.*

*Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.*

*Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de LAXE presenta a seguinte:*

***PROPOSTA DE RESOLUCIÓN***

***A Corporación Municipal de LAXE insta***

*1.- Manter o canon actual imposto aos Concellos galegos adscritos a SOGAMA de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.*

*E manter tamén a actual bonificación do 15% deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.*

*2. Axudar economicamente aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*dos recursos para a implantación do colector marrón e, por tanto, quedan fóra da bonificación do 15% non canon de Sogama.*

3. *Implantar medidas urxentes cara modificar a actual política de xestión de residuos primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro.*

4. *Ampliar as plantas de biorresiduos existentes coma estaba previsto no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2016-2022 para favorecer a xestión de proximidade."*

Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE explica a proposta e Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG indica que ten unha practicamente igual. Don Fernando del Moral Regaldíe integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifesta súa concormidade.

Tras breve intercambios de impresións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [( 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS:** 0

Queda polo tanto rexeitada a moción proposta.

**5.2. Moción do PSdeG-PSOE en canto á eliminación das peaxes na AG-55 e AG-57. Expte. núm. 2024/G006/000018.**
Dase lectura da seguinte moción por parte do concelleiro do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE, don Francisco José Vidal Castro:

***"MOCIÓN ELIMINACIÓN DAS PEAXES NA AG-55 E AG-57***
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***
*En Galicia, actualmente, en materia de estradas, os galegos e galegas vémonos obrigados a pagar peaxes en catro autoestradas : na AP-9 e AP-53 competencia do Estado e nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57.*
*No relativo a AP-9 as peaxes actuais son consecuencia da decisión do goberno de José María Aznar que no ano 2000 prorrogou a concesión ata o 2048. De non terse producido esta última prórroga por 25 anos esta autoestrada xa estaría libre de peaxes dende agosto de 2023.*
*Os gobernos de Pedro Sánchez iniciaron, en 2021, un camiño de bonificacións para a AP-9 que significou un importante aforro paulatino para os galegos e as galegas.*
*O Goberno da Xunta de Galicia tivo que reaccionar en 2021, ás bonificacións da AP-9, aprobando bonificacións na AG-55 e AG-57, pero non sendo estas equiparables ás implantadas polo Goberno do Estado.*
*Os Socialistas de Galicia apostamos sempre polo avance cara á gratuidade, tanto na AP- 9 como na AP-53, para corrixir a nefasta decisión do goberno do PP de Aznar, co silencio cómplice do goberno popular na Xunta de Galicia, de castigarnos con peaxes na AP-9 ata 2048. Tamén os socialistas apostamos de forma decidida pola transferencia da AP-9 a Galicia.*
*Hoxe, seguimos nesa reivindicación e valoramos positivamente os esforzos do Goberno Central na ampliación das bonificacións que deben ter o obxectivo final de chegar á gratuidade nas autoestradas de peaxe dependentes do Estado.*
*Se dende o goberno da Xunta de Galicia, se mostran de acordo nestas reivindicacións dos socialistas, é evidente que o goberno de Rueda debe ser coherente e iniciar de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 ( A Coruña-Carballo) e AG-57 ( Puxeiros-Val Miñor), das que é titular a Xunta de Galicia, e tamén nelas conseguir a gratuidade.*
*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG somete a debate a presente moción e*



CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*solicita a adopción do seguinte*
***ACORDO:***
*Instar a Xunta de Galicia a que inicie de inmediato toda as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57, de titularidade autonómicas"*

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG absolutamente a favor, e di que deberían aparcar as ideoloxías políticas e ir a favor.
Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifestase a favor si se introduce unha enmenda consistente en introducir tamén as estradas do estado, AP9 e tamén o arranxo da A6.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación proposta coa emenda introducida , obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS:** 0

Quedando aprobada a proposta coa emenda introducida.

**5.3. Moción de UNIDAS-PODEMOS en canto ó rexeitamento ao proxecto de construción da macrofactoría de pasta de celulosa de ALTRI (GREENFIBER) en Palas de Rei. Expte. núm. 2024/G006/000021.**
Dase lectura da seguinte moción por parte do concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS, don Fernando del Moral Regaldíe:

*"MOCIÓN DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI (GREENFIBER) EN PALAS DE REI.*
*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 18 de xullo de 2024.*
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***
*O proxecto que a Xunta de Galicia pretende instalar en Palas de Rei provocará que resulten gravemente afectados o patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e limítrofes. Así mesmo afectará ás augas e á atmosfera, ó envelenar con elevadas cantidade de compostos químicos o río Ulla e emitir gases contaminantes que por acumulación estragarían cultivos e afectarían directamente a saúde das persoas e da terra. A implantación desta fábrica repercutirá dun xeito negativo sobre o tecido socioeconómico da zona, sumando desvalorización das terras e consolidando o despoboamento.*
*Preténdese instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 T/ano de CELULOSA solúbel, e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCELL, unhas 200.000 T/ano, a so 2 km do Camiño de Santiago. Polas verteduras que se estiman no proxecto, e debido ó estado do encoro de Portodemouros (a 1,5 km do punto de verquido), será unha industria contaminante de augas, e a súa fabricación requerirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais da cantidade de tráfico rodado que virá asociado có transporte da madeira e do produto.*
*O proxecto ocupará 360 ha, destruíndo hábitats de altísimo valor ecolóxico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas, destacando tres delas, catalogadas en perigo de extinción en Galicia: Armeria merinoi, Santolina melidensis e Leucanthemum gallaecicum, endemismos estritos das serpentinas do centro de Galicia.*
*A eucaliptización será a nova paisaxe da zona centro de Galicia, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano x 15 anos que tardar de promedio en medrar). Estas*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) e son especies pirófitas, razón suficiente para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.*
*A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46 millóns de litros diarios). Sendo o consumo promedio de auga en Galicia de 130l/habitante/día, Greenfiber empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consumen os habitantes da provincia de Lugo nun día. Hai que salientar que máis do 65% da auga volverá ao río tratada, con químicos, pero contaminada, deteriorando aínda mais a calidade da auga ao longo do río Ulla e que esta contaminación chegaría á ría de Arousa, que xa de por si ten problemas de contaminación.*
*Polo tanto, esta fábrica será unha macrocelulosa de produción non sostible depredadora dos nosos recursos, que consumirá e degradará un ben esencial para a nosa vida: a auga, e que destruirá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un gran impacto na zona onde se pretende implantar.*
*Históricamente, a nosa contorna ten sido exemplo da loita dunha sociedade en contra de modelos devastadores co medio ambiente, que sómente enchen os petos duns poucos, mentres que ameazan a forma de gañarse a vida das pequenas iniciativas que explotan artesanalmente a pesca, o marisqueo ou as pequenas gandeirías. Asemade, as de quen viven da explotación dun entorno único, como é o da Baixa Ulloa e como é o noso da Costa da Morte en forma de pequenos negocios de carácter turístico, así como compromete a saúde dunha comunidade que viva nun entorno de augas e atmósfera contaminada. En definitiva, un modelo que promove que o peixe grande coma ao chico.*
*As mobilizacións en contra da posible instalación dunha celulosa en Ponteceso no ano 1976, a contestación dunha sociedade ante o proxecto de explotación mineira en Corcoesto a comezos da primeira década do presente século, asi como o rexeitamento do proxecto de canteira nos mismísimos Penedos de Traba e Pasarela únense á presente loita en contra da transformación do noso territorio nun inmenso campo eólico. Toda esta labor conservacionista debe ser mantida en cada recuncho de Galicia, por tanto*

***PROPÓN:***

1. *Instar á Xunta de Galicia:*

*- a que cumpra cos compromisos europeos en materia de conservación de hábitats e protección da biodiversidade, un compromiso xa adquirido en maio do 2021 no Parlamento Galego pero que segue sen materializarse ao non retomar o traballo de ampliación dos espazos protexidos incluídos en Rede Natura 2000.*

*- a desenrolar normativas garantistas coa saúde ambiental, consonte cos obxectivos comunitarios en materia de desenvolvemento sostible.*

*- que asuman a responsabilidade de defender dende o público, os nosos recursos, o noso tecido socioeconómico e a nosa calidade de vida fronte aos intereses económicos que poñen en risco a sostibilidade social, económica e ambiental do noso territorio, do noso país.*

2. *Manifestar o repulsa frente ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo depredador, o incremento do proceso expansivo do monocultivo do eucalipto, respaldando a nefasta política forestal da Xunta, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto de Galicia, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa. E en definitiva, porque é un producto industrial importado dun país (Portugal) que non tolera máis desfeitas no seu territorio.*

3. *Instar ao goberno municipal de Laxe a comprometerse en contra de modelos industriais como o que representa a macrofactoría de Altri (Greenalia) de Palas de Rei posicionándose rotundamente en contra de posibles proxectos futuros, tanto no noso concello como nos da bisbarra que poidan hipotecar o futuro medioambiental, económico e de saúde da nosa veciñanza."*

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS explica a súa proposta e posicionase en contra dos modelos industriais.
Don Francisco José Vidal Castro e Don Xosé Manuel Pose Lema, manifèstanse en similares térmos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde, resposta que hai que esperar aos estudios e valoracións dos técnicos.

Tras breves intercambios de impresións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS:** (6 do PP (Don Francisco CharlínOróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

Queda polo tanto aprobada a moción proposta.

**5.4. Moción de UNIDAS-PODEMOS para o fomento da participación cidadá nos asuntos públicos municipais: escano cidadán ou escano número doce. Expte. núm. 2024/G006/000021.**
Dase lectura da seguinte moción por parte do concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS, don Fernando del Moral Regaldíe:

*"MOCIÓN PARA O FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ASUNTOS PÚBLICOS MUNICIPAIS: ESCANO CIDADÁN OU ESCANO NÚMERO DOCE.*
*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 30 de novembro de 2023.*
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***
*Considerando a importancia de abrir o pleno á participación da cidadanía nos asuntos de interese público municipal, e seguindo a traxectoria dos partidos que conforman a coalición que represento, a prol de fomentar a participación da veciñanza nos asuntos de interese xeral.*
*Considerando, asemade, a proposta de regulamento orgánico tipo de participación cidadá da Federación Española de Municipios e Provincias. Ista está inspirada nas actuacións que o artigo 9.2 da Constitución Española encomenda aos poderes públicos para favorecer o exercicio e plenitude dos dereitos e liberdades individuais, no que se contempla a de facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social, sendo a participación nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, un dereito dos cidadáns e cidadás outorgado polo artigo 23 da nosa Carta Magna que, no eido local, foi recollido polo Capítulo IV (información e participación cidadás) do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
*Propoñendo a devandita Federación no seu regulamento tipo, o artigo 20 sobre turnos de rogos e preguntas para o público asistente, para que toda persoa natural ou xurídica poida solicitar intervir nos plenos ordinarios do Concello, rexistrando as peticións con certo tempo de antelación á data de celebración do Pleno detallando o asunto de competencia municipal a tratar, sen que poida versar sobre procedementos sub iudice ou que xa foran previamente tratados.*
***PROPÓN:***
*a toma das accións necesarias cara a instauración da figura do escano cidadán, ou Escano Número Doce."*

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS explica a proposta e indica que se debe fomentar a participación.
O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) pregúntalle se ve a porta pechada do Salón de plenos
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifesta que lle parece ben pero que entende que ten que estar regulado.
O concelleiro do BNG, Don Xosé Manuel Pose Lema manifestase a favor dun Regulamento de Participación Cidadá, e que xa en 2016 e en 2022 levou a pleno un regulamento que non foi aprobado, primeiro polos socialistas e despois polo PP, que o único que recolle é iso.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta que todo o mundo pode participar e que as normas dos Plenos están reguladas por lei.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [( 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS:** 0

Queda polo tanto rexeitada, a moción proposta.

**5.5. Moción de UNIDAS-PODEMOS para a proposta de posta en funcionamento do punto de atención infantil municipal no próximo curso 2024/2025. Expte. núm. 2024/G006/000021**.
Dase lectura da seguinte moción por parte do concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS, don Fernando del Moral Regaldíe:

***"MOCIÓN PARA A PROPOSTA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL municipal NO PRÓXIMO CURSO 2024/2025***
*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 18 de xullo de 2024.*

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***
*No ano 2015, foi aprobada a creación dun Punto de Atención a Infancia municipal (PAI), no 2019 realizáronse a obras de acondicionamento das antigas escolas unitarias de Laxe para destinalas ao PAI, no ano 2021 leváronse a cabo as obras de reparación da cuberta do patio do PAI, e no ano 2023 equipouse o PAI para o seu funcionamento.*
*Nestes 9 anos adicaronse uns 106.000 euros de diñeiro público a obras e equipamento para o PAI, quedando pendente a contratación do persoal cualificado necesario xa que nin se adicaron recursos propios nin acudiron as convocatorias anuais de axudas para a contratacion de persoal de atención directa dos 119 nenos e nenas que naceron en Laxe no período 2015-2023 e que huberan podido disfrutar deste servizo.*
*<u>Constátase polo tanto que</u>*

1. *existen familias potenciais usuarias deste servizo*
2. *as inversións necesarias para a posta en funcionamento do PAI están realizadas e que*
3. *as axudas para gastos de persoal hai que solicitalas a partir de setembro deste mesmo ano*

*Polo que dende o grupo de Unidas podemos de Laxe entendemos que o PAI é un servizo indispensable para*

- *proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes*
- *posibilitar a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, sendo ésta unha das áreas estratéxicas do Programa de apoio á natalidade (PAN), área que ten como obxectivo propiciar un ambiente social favorable en que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo e no que se prevé, entre outras medidas, a posta a disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos*

***POLO QUE SE PROPÓN:***
*Instar ao goberno municipal de Laxe a realización dos trámites, actuacións e contratacións necesarias para que o PAI inicie a súa actividade o próximo curso 2024-2025"*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS explica a moción.
Don Xosé Manuel Pose Lema, explica que no ano 2015 foi creada a instancia do BNG a través do Plan único a concellos da Deputación.
O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta que cando se fixo todo isto botou en falta unha memoria valorada, e que se está traballando para tratar de abrir.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifesta que se debe facer unha memoria e decidir sobre ela.
Dona María Cristina Vázquez del Prisco indica que a Xunta de Galicia otorgou unha subvención específica e que tamén está a parte social do POS da Deputación.
O alcalde insiste que están traballando para abrilo, e resposta que hai que telo aberto e despois solicitala subvención, continua manifestando que son os primeiros interesados en abrilo e que non votan en contra de abrir o PAI, senon que non hai financiación.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [( 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS:** 0

Queda polo tanto, rexeitada a moción proposta.

**<u>5.6. Moción de UNIDAS-PODEMOS para a retransmisión en directo e grabación dos plenos nas redes sociais do Concello de Laxe. Expte. núm. 2024/G006/000021.</u>**
Dase lectura da seguinte moción por parte do concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS, don Fernando del Moral Regaldíe:

***"MOCIÓN PARA A PROPOSTA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL municipal NO PRÓXIMO CURSO 2024/2025***
*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 18 de xullo de 2024.*
***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***
*No ano 2015, foi aprobada a creación dun Punto de Atención a Infancia municipal (PAI), no 2019 realizáronse a obras de acondicionamento das antigas escolas unitarias de Laxe para destinalas ao PAI, no ano 2021 leváronse a cabo as obras de reparación da cuberta do patio do PAI, e no ano 2023 equipouse o PAI para o seu funcionamento.*
*Nestes 9 anos adicaronse uns 106.000 euros de diñeiro público a obras e equipamento para o PAI, quedando pendente a contratación do persoal cualificado necesario xa que nin se adicaron recursos propios nin acudiron as convocatorias anuais de axudas para a contratacion de persoal de atención directa dos 119 nenos e nenas que naceron en Laxe no período 2015-2023 e que huberan podido disfrutar deste servizo.*
*<u>Constátase polo tanto que</u>*
1. *existen familias potenciais usuarias deste servizo*
2. *as inversións necesarias para a posta en funcionamento do PAI están realizadas e que*
3. *as axudas para gastos de persoal hai que solicitalas a partir de setembro deste mesmo ano*

*Polo que dende o grupo de Unidas podemos de Laxe entendemos que o PAI é un servizo indispensable para*
- *proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
CVD: hKNHAJ1AtkvDsnVWWtBt
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *posibilitar a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, sendo ésta unha das áreas estratéxicas do Programa de apoio á natalidade (PAN), área que ten como obxectivo propiciar un ambiente social favorable en que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo e no que se prevé, entre outras medidas, a posta a disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos*

***POLO QUE SE PROPÓN:***

*Instar ao goberno municipal de Laxe a realización dos trámites, actuacións e contratacións necesarias para que o PAI inicie a súa actividade o próximo curso 2024-2025"*

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifesta que hai un gabinete de prensa que leva as redes sociais, que podería adicarse a eso.
O alcalde resposta que habería que pagar máis xa que aumenta o traballo.
Don Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifístase a favor, e indica que foi a primeira moción que presentou cando se iniciou o mandato.
Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG pide que se revise o contrato que hai con Ártabra, xa que se gasta moito e que cando él estaba no goberno local so gastaba 150€ e que agora gástanse 1800 €.
O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta que os plenos son abertos para todo o mundo e hai outras prioridades.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

